

Galicia se suma a otra alianza europea para el descubrimiento de fármacos

BIOLÓGIA La Red Española de Excelencia en el Descubrimiento de Fármacos (Redefar), que coordina la profesora Mabel Loza desde la USC, y la plataforma paneuropea European Lead Factory (ELF) acaban de formalizar un acuerdo de colaboración para proyectos conjuntos en el ámbito del descubrimiento de nuevos fármacos. Ambas instituciones tienen “un profundo interés común en el descubri-

miento y desarrollo de compuestos, principalmente pequeñas moléculas que modulan específicamente la función biológica de las proteínas diana, y por tanto, ven oportunidades para proporcionar servicios complementarios en este campo”, señalan en un comunicado. Citan como ejemplo que Redefar puede identificar usuarios y proyectos en España con el potencial de ser transferidos a las activida-

des de descubrimiento de fármacos a gran escala en European Lead Factory. “El desarrollo del ensayo y la experiencia temprana en el descubrimiento de fármacos con la que cuenta Redefar complementan la alta capacidad de detección de ELF”, añaden. Ambas entidades se muestran muy satisfechas por poder fortalecer las conexiones europeas dentro del ámbito del descubrimiento de fármacos. **M.A.**



Mabel Loza

VALORACIONES Y PROTAGONISTAS

Doctor Ton Rinjders, director del Centro Europeo de Detección: “European Lead Factory siempre está buscando formas de expandirse y tener un mayor impacto en Europa. Este memorando de entendimiento con Redefar nos brinda la ocasión de aportar aún más valor en la red española de descubrimiento temprano de medicamentos”

Doctora Mabel Loza, coordinadora de Redefar, “ELF es un sólido consorcio paneuropeo que nos ofrecerá múltiples ventajas y beneficios a todos los miembros de la Red española”. **Sobre Redefar.** La Red Temática Española de Descubrimiento de Fármacos surge en 2015 como una estructura que permita coordinar, cohesionar, fortalecer y visibilizar las actuales capacidades españolas de investigación.

Sobre European Lead Factory. Es una plataforma paneuropea para el descubrimiento de fármacos respaldada por la Innovative Medicines Initiative (IMI) que ofrece puntos de partida para el descubrimiento de medicamentos a investigadores europeos desde 2013.

MIÉRCOLES
18 DE ABRIL DE 2018

EL CORREO GALLEGO

GALICIA | 13

ELECCIONES NA USC: JUAN VIAÑO frente a ANTONIO LÓPEZ



Formación transversal para todos os alumnos

Case 23.500 estudantes poderán votar o vindeiro luns para elixir ao reitor da Universidade de Santiago. Que ofrecen para este colectivo os candidatos? Tanto Viaño como López propoñenlles un estatuto propio e ambos os dous aspirantes fan tamén bandeira nos seus programas da formación integral do alumno: non todo o saber é académico. **TEXTO Charo Barba**



▪ **ESTUDANTES ACTUAIS.** No seu programa de actuacións para os estudantes, Juan Viaño contempla fomentar a participación dos alumnos na vida universitaria a través do asociacionismo e apoiar as iniciativas que haxa de asociacións tanto propias como filiais. Propón tamén a creación dun rexistro de agrupacións e habilitarlles espazos.

En canto ao voluntariado, quere promoverlo como xeito de mellorar esa formación integral que defende. O candidato á reelección asegura que incorporará a aplicación da cota do 5 por cento das persoas con discapacidade.

Un dos puntos que poden resultar máis atractivos para os mozos é o de favorecer a creación de recoñecementos á traxectoria estudiantil máis proactiva e incrementar os premios ao fomento do emprendemento nos rapaces dos últimos cursos de grao e mestrado, unido á promoción dunha maior visibilidade nos medios dos logros académicos, deportivos ou de participación social. Viaño propón, asimesmo, mellorar os servizos de apoio á inserción laboral e potenciar o proxecto Mentoring. Outro dos puntos da súa folia de ruta é aumentar a dotación de equipamentos nas residencias universitarias.

▪ **EGRESADOS.** Juan Viaño aposta pola creación dunha Oficina Alumno vinculada á actual Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da

USC e ao Consello Social para que non se rompa a vinculación despois de obter o título universitario, e crear en cada centro docente a figura de coordinador/a de Alumno USC. Outro dos puntos é promover a vinculación do sector empresarial e deseñar un programa de fidelización de egresados incluíndo unha participación máis activa. Tamén quere fomentar a colaboración dos antigos alumnos/as na proxección da USC, participando en accións que contribúan a mellorar a relación da universidade coa sociedade.

▪ **PARA OS QUE VEÑAN.** De cara á captación de futuros estudantes, o programa de Juan Viaño contempla apoiar as visitas aos centros de Ensino Medio e as xornadas de portas abertas na USC, ademais de elaborar materiais atractivos para a súa difusión en redes sociais e manter unha presenza activa nas principais ferias de captación de estudiantado tanto a nivel nacional como internacional.

▪ **ESTUDANTES ACTUAIS.** Tanto Juan Viaño como Antonio López consideran aos estudantes, o colectivo máis numeroso da USC, a parte máis importante, e ámbolos dous coinciden na necesidade de elaborar un Estatuto do Estudiantado da USC e están de acordo, tamén, en que a súa educación non debe ser unicamente académica, senón transversal.

López propón favorecer a implicación dos estudantes

na vida universitaria e nos órganos de goberno e máis fomentar as diversas modalidades de asociacionismo para introducilos na “cultura de calidade da USC”.

Outro dos puntos do seu ideario é promover a participación do estudiantado nos programas de voluntariado e cooperación da USC, ademais de favorecer a educación inclusiva como principio fundamental para atender a diversidade. O catedrático de Dereito tamén incentivará a súa inclusión en programas de mobilidade e potenciará os programas de acollida para o estudiantado de fóra da USC

reforzando a figura do alumno/a tutor/a. Entre as súas propostas está a de regular a figura dos delegados de curso, cun estatuto específico.

▪ **EGRESADOS.** Con respecto aos estudantes que acabaron xa a carreira, López quere deseñar un programa que permita facer un seguimento dos egresados e fomentar a súa fidelización coa USC, ademais de deseñar un sistema de orientación en materia de empregabilidade que forme e asesore ao estudante de cara á súa incorporación ao mundo laboral. Outro dos puntos consiste na creación dun punto de atención que permita unha conexión dinámica con posibles empregadores para adecuar o perfil dos egresados ás demandas reais, ademais de potenciar a cultura do emprendemento.

▪ **PARA OS QUE VEÑAN.** A intención de Antonio López, no referente a futuros ou novos estudantes é a de crear un programa de acollida para o novo alumnado que inclúa a celebración dunha feira de acollida. O seu programa para os vindeiros catro anos inclúe tamén o establecemento dunha ampla oferta de estudos non oficiais e cursos en permanente renovación aberta a todos os segmentos da sociedade para favorecer a empregabilidade e o desenvolvemento profesional, ademais de favorecer a integración social e laboral das persoas.



Futuros estudantes da USC. Foto: Fernando Blanco

